

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 28 DE FEBREIRO DE 2024

ASISTENTES

Presidente

Prada Rodríguez, Julio.

Vicedecano e Coordinador de calidade

Presedo Garazo, Antonio.

Vicedecana e Representante da Administradora

Arribas Álvarez, Carmen.

Secretario

Rodríguez Teijeiro, Domingo.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, M^a Beatriz

Coordinador do Mestrado en Valoración e Xestión do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

Colaboradora de Calidade

López Díaz, María.

PDI

Xosé Ramón Campos Álvarez
Beatriz Pilar Comendador Rey

Barriocanal López, Yolanda

PAS

Josefa Rodríguez Bouzas

Alumnado

Domínguez Carrera, Lucía

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

A reunión realizarase de xeito virtual por correo electrónico, coa participación dos membros que se citan á marxe o mércores 28 de febreiro ás 10,00 h en segunda e definitiva convocatoria, co seguinte punto a tratar na orde do día:

1. Aprobación, se procede, do *Resumo de accións de mellora incorporadas no SGIC no Informe provisional de renovación da certificación da implantación do SGC da Facultade de Historia.*

A xuntanza realizase de xeito virtual por medio de correo electrónico dirixido a sfho@uvigo.es de acordo co seguinte procedemento:

Os membros da Comisión de calidade disporán dun máximo de dúas horas (entre as 10:00 e as 12:00 horas do mércores 28 de febreiro de 2024) para pronunciarse sobre único punto da orde do día.

a) Se o voto é favorable ás propostas contidas na orde do día, bastará con que se faga constar esta circunstancia no correo electrónico dunha forma clara (p. e. "voto FAVORABLEMENTE a proposta contida na orde do día").

b) Se o voto é desfavorable (ou hai votos en branco), deberase concretar con precisión o sentido do voto.

c) O voto só pode ser favorable, desfavorable ou en branco.

Tralo peche do período para a votación se informará aos membros da Xunta de Facultade se se alcanzou o quórum preciso e do resultado das votacións. Se non se alcanzase quórum, informarase igualmente de tal circunstancia aos membros da Comisión, así como da ineficacia de todo o actuado.

Rematado o prazo de votación da Comisión de Calidade, emitiron o seu voto 13 membros da citada Comisión, e todos os votos foron favorables á proposta recollida no punto da orde do día.



Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12.00 horas do día 28 de febreiro de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do decano.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro